



COMITÉ GALEGO DE XUÍCES

CIRCULAR N° 9/2026

Asunto: **Actualización Tarifas CGX 2026**

A Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces, na súa reunión do 1 de maio de 2026 acordou unha actualización das tarifas de arbitraje do Comité Galego de Xuíces.

Ditas tarifas están reflexadas no documento Tarifas CGX 2026 dispoñible na web da Federación Galega de Atletismo e que se acompaña como adxunto a esta circular.

Ademais, engadíronse directrices de actuacións e obrigas para certos postos específicos do xurado.

A Coruña, 2 de xullo de 2026

V° B°
A SECRETARIA XERAL DA FGA

PRESIDENTE DO CGX

Asdo./ Yolanda González Fernández
(no orixinal)

Asdo./ Ángel López-Montesinos
(no orixinal)

TARIFAS DE ARBITRAXE DO COMITÉ GALEGO DE XUÍCES e directrices

TARIFA BASE POR XORNADA

(En vigor dende o 11 de xullo de 2026)

XUÍCES – 30 €

ASPIRANTES – 15 €

Nota: Tarifas en neto asumindo unha retención do 2% por defecto

TARIFA BASE - COMEZO E FINAL DO CÓMPUTO DA XORNADA

Comezo da xornada: Dende o inicio da primeira proba do horario oficial, ou a hora de incorporación do xuíz se é posterior.

Final da xornada: Dende o momento en que o director de reunión comunica ao xuíz que xa non o require na competición.

Duración da xornada (agás Trail)

Xornada Estándar Máxima	4 horas	Tarifa base
Xornada Ampliada Máxima*	4 horas e 30 minutos	Tarifa base x 1,5

Superadas as duracións da táboa anterior, considerarase dúas xornadas e pagarase a tarifa x 2.

*Nas competicións nas que se supere a xornada de 4 horas nas **dúas xornadas** (mañá e tarde) abonarase a tarifa 1,5 soamente nunha delas cando a suma do exceso das dúas xornadas sexa **igual o inferior a 30 minutos**.

Duración da xornada (Trail)

Xornada Estándar Máxima	4 horas	Tarifa base
Xornada Ampliada Máxima*	Máis de 4 horas ata 6 horas	Tarifa base x 2
Xornadas Ininterrompidas	Máis de 6 horas	Tarifa base x 2,5

Suplementos en probas de ruta nocturnas

- Suplemento de tarifa x1,5 para as probas de ruta que comecen antes das 8:00 ou rematen despois das 23:00 horas independentemente da súa duración.
- Suplemento de tarifa x2 para as probas de ruta que rematen despois das 00:00 horas independentemente da súa duración.

TARIFAS CON SUPLEMENTO SEGUNDO POSTO DO XURADO

XUÍZ ÁRBITRO probas de ruta non homologadas	50 €
XUÍZ ÁRBITRO resto de probas.....	tarifa base x 2
DIRECTOR DE REUNIÓN.....	tarifa base x 1,5
DIRECTOR TÉCNICO	tarifa base x 2
XUÍZ XEFE CRONOMETRAXE TRANSPONDEDOR.....	tarifa base x 1,5
XUÍZ DE MEDICIÓNS CIENTÍFICAS	tarifa base x 1,5
XUÍZ XEFE MARCHA	tarifa base x 1,5
PRESIDENTE XURADO APELACIÓN	tarifa base x 1,5
COORDINADOR DE SAÍDAS.....	tarifa base x 1,5

*Nota: Tarifas en neto asumindo unha retención do 2% por defecto. Para requirir **retencións maiores** pódese contactar co departamento de contabilidade da FGA contabilidade@atletismo.gal*

ACLARACIONES Sempre que estás tarefas

- Se desenvolvan en toda a súa integridade e se **cumpran as obrigas mínimas** descritas no anexo deste documento e calquera outra regulamentada nas normativas do CGX para cada posto,
- non supoñan o mesmo traballo que o resto dos membros do xurado,**
- non estean incluídas nas obrigas xa remuneradas por outros cauces. No caso de incumprimento de ditas obrigas mínimas, a executiva do CGX poderá decidir **non aboar a tarifa específica** de dito posto.
- Se desempeñen durante toda a xornada. En caso de compatibilizarse **varios postos**, estas cantidades **non** serán **acumulativas** e cobrarase a **tarifa máis alta** de todos os postos nos que actuou o xuíz na mesma xornada

FOTO FINISH

XUÍZ XEFE DE FOTO FINISH.....	tarifa base x2
OPERADOR DE FOTO FINISH EN FORMACIÓN	tarifa base

O responsable de **fotofinish** do Comité Galego de Xuíces marcará as **directrices** a seguir para considerar cando un operador de fotofinish está en formación e as obrigas para o abono da **tarifa base x2**

DIRECCIÓN TÉCNICA EN PROBAS EN PISTA OU RUTA HOMOLOGADAS

Nota: Non se contempla a figura da Dirección Técnica en probas de ruta non homologadas, campo a través ou trail-running.

Adxunto de Dirección Técnica (cando sexa necesario):

- En controis ou Campionatos dunha xornada: Tarifa de Xuíz
- En Campionatos de Galicia de dúas xornadas ou Campionatos de España: Tarifa Director Técnico

XUÍZ XEFE DE MARCHA

Asegurarase do emprego da aplicación RFEA – CNJ de notificacións de marcha e de **preparar** a mesma previa á competición.

No caso de que **outra persoa** realice a preparación da competición, o xuíz xefe de marcha só percibirá a **metade** do suplemento. Se a persoa encargada de preparar a competición figura no xurado engadirase a outra metade a esta.

Exemplo (tarifas 2026): Xuíz xefe de marcha 37,5€ e 7,5€ para a persoa que prepara a aplicación.

SUPLEMENTO DESIGNACIÓNS DO COMITÉ GALEGO DE XUÍCES

20€ para **XUÍZ ÁRBITRO** e **PRESIDENTE DE APELACIÓN** sempre e cando se reciba o informe correspondente en tempo e forma.

XURADOS EN PROBAS DE RUTA NON HOMOLOGADAS.-TARIFAS

XUÍZ ÁRBITRO50€

XUÍZtarifa base

O xuíz árbitro cobrará a tarifa descrita no apartado anterior sempre que cumpra cas obrigas do seguinte apartado.

Nas probas oficiais de ruta, incluídas no calendario da FGA, que non sexan baixo unha distancia e circuíto homologados, designarase un **xurado reducido** acorde á particularidade das mesmas.

Este xurado terá en conta que as marcas obtidas nestas probas no son marcas válidas a efectos de ranking nin mínimas.

O xurado estará composto como **máximo de 1 xuíz árbitro e 3 xuíces**.

OBRIGAS DO XUÍZ ÁRBITRO EN PROBAS DE RUTA NON HOMOLOGADAS

- **Asignar as labores** do resto de xuíces do equipo, tendo en conta que habitualmente un xuíz poderá realizar diferentes labores nos diferentes momentos da competición.
- **Supervisar** o correcto desenrolo técnico da competición, e cumprir as tarefas que recolle o regulamento internacional de atletismo para o dito posto
- Coñecer as **normativas aplicables** na proba, incluídas as normativas da FGA, RFEA.
- Elaborar e enviar en soporte informático o modelo de **informe** de xuíz árbitro de ruta non homologada do CGX. Este informe debe conter, como mínimo, os seguintes puntos:
 - Hora de comezo e final da competición.
 - Información do xurado, postos asignados e vehículos desprazados.
 - Información da competición, reclamacións e incidencias
 - Información proporcionada polo xuíz que actuou no posto de xuíz xefe de cronometraxe por transpondedor.

O **resto de xuíces** actuarán como un equipo de xuíces de ruta cubrindo todos os postos e obrigas que a competición require.

- Saídas
- Chegadas
- Cronometraxe manual
- Conta voltas
- Xuíz Xefe de cronometraxe por transpondedor

IMPORTANTE: Os xuíces en probas de ruta non homologadas **non deberán realizar labores de control de cruces, tráfico, ou outros puntos conflictivos non relacionados co control técnico da proba**, senón que garantirán o correcto desenvolvemento das labores descritos neste apartado. O control de ditos puntos corresponde ao **organizador**.

O xuíz que faga as labores de **xuíz xefe de cronometraxe por transpondedor** nestas probas **non ten que elaborar informe**, simplemente efectuará a súa labor supervisora da empresa de cronometraxe e dos resultados finais e trasladará calquera información requirida polo xuíz árbitro para o seu informe así como calquera incidencia a destacar.

NORMATIVA DE DESPRAZAMENTO EN COCHE

Cando se despracen xuíces da mesma delegación haberán de facelo xuntos, salvo casos especiais e previa consulta. Os desprazamentos pagaranse en función da quilometraxe realizada.

O xuíz que ofrezca levar o coche comprométese a facilitar a recollida e o retorno dos xuíces queo acompañan (se fora necesario no seu domicilio), especialmente se a saída é anterior ás 8:00 ou a chegada é máis tarde das 22:30 horas.

*Os **xuíces ocupantes** facilitarán a labor do xuíz que leva o coche evitando no posible grandes desprazamentos. Recoméndase encarecidamente utilizar puntos intermedios de recollida.*

A viaxe de volta debera iniciarse inmediatamente tras o remate da xornada de todos os xuíces do vehículo, agás que por **unanimidade** dos ocupantes do vehículo se acorde outra decisión (*recoméndase tratar o tema antes de iniciar a viaxe*)

Os xustificantes de pago (quilometraxe e peaxe) hai que envialos á FGA con data límite o mércores seguinte da competición. De non facelo nese prazo poderá perderase o dereito a cobralo, salvo xustificación debidamente documentada.

TARIFAS DE DESPRAZAMENTO EN COCHE

Existen dous tipos de desprazamento:

- a) Desprazamento dentro da propia delegación para cubrir probas que estean dentro do ámbito territorial da delegación.

Neste caso só se abonará desprazamento se a distancia percorrida e superior a 25km (ida mais volta).

Ademais, pagarase o quilometraxe en función da ocupación do vehículo segundo o modelo [Folla de Xustificación de Gastos e Desprazamento Delegacións](#) salvo naqueles casos que sexan coordinados polo delegado, minimizando o número de vehículos, nos que se pagará a tarifa de desprazamento estándar.

- b) Desprazamento entre delegacións, para cubrir probas que estean dentro do ámbito territorial de outra delegación.

Aboarase o desprazamento a 0,26 €/km e as peaxes de autoestrada (obrigatorio a presentación dos tickets).

Estes desprazamentos teñen que ser coordinados e autorizados polo CGX e se utilizará a [Folla de Xustificación de Gastos de Desprazamento CGX](#)

Ademais, aboaranse as seguintes cantidades aos xuíces polo tempo invertido na viaxe en calquera das modalidades de desprazamento:

Quilometraxe percorrida (ida e volta)*	Ocupante do vehículo
De 50 a 100 km só entre delegacións	5 €
De 101 a 200 km	10 €
De 201 km a 400 km	20 €
Máis de 400 km	30 €

**A quilometraxe a ter en conta para o suplemento do cadro anterior será a marcada por Google Maps na ruta máis rápida entre a sede da delegación do xuíz e a sede da competición.*

*** Consultar a Normativa FGA Abono Desprazamentos*

NORMATIVA ALOXAMENTO

Os aloxamentos de xuíces para aquelas competicións nas que sexa necesario serán xestionados polo Comité Galego de Xuíces. Non se aboarán reservas ou xestións feitas de xeito particular, sen aprobación do Comité Galego de Xuíces.

TARIFAS DE MANUTENCIÓN

O organizador deberá proporcionar as comidas a todos os membros do xurado, especialmente en probas con xornadas de mañá e tarde ou de varios días.

En caso de que non se proporcione a comida por parte do organizador, terase dereito a reembolsar os gastos de comida ou cea en competicións de mañá e tarde ou cando non sexa posible a chegada ao lugar de procedencia antes das 15.00 no caso das comidas ou das 23:30 no caso das ceas.

Nos casos descritos no punto anterior, aboarase ata **18€** por comida ou cea sempre mediante presentación de recibos/tickets.

NOTA FINAL

Este documento reflexa as tarifas e normativas relacionadas cos postos do xurado xestionados polo CGX. Outros postos ou cargos dunha competición federada non compete ao CGX a súa regulación e polo tanto son decididas directamente pola Federación Galega de Atletismo ou outro organismo con control sobre a competición.

ANEXO: OBRIGAS MÍNIMAS DOS POSTOS ESPECÍFICOS

Obrigas xerais

- Estar presentes na competición coa **antelación** suficiente que require o cargo para a realización das tarefas ou as labores de supervisión pertinente.
- Informar ao CGX (ou os seus asesores) de calquera **incidencia** acontecida durante o desenrolo do seu cargo coa maior brevidade posible.
- No caso de que rematen as obrigas do cargo, ben polo horario das probas ou ben por algunha incidencia técnica, estar a **disposición** da dirección de reunión para ser re asignado a outro posto.

Xuíz árbitro

- **Supervisar** o correcto desenrolo técnico da competición, e cumprir as tarefas que recolle o regulamento internacional de atletismo para o dito posto.
- **Coñecer** as normativas aplicables na competición, incluídas as normativas da FGA, RFEA ou calquera normativa particular da competición.
- Colaborar activamente coa dirección de reunión para garantir o cumprimento do horario da competición.
- Asegurarse que os **resultados** publicados están correctos e conforme aos regulamentos aplicables.
- Elaborar e enviar o **informe** de xuíz árbitro nos prazos previstos de forma dixital, con linguaxe neutro, sen opinións subxectivas e sen omitir información de calquera incidencia, reclamación ou feito relevante acontecido na competición.

Director de reunión

- É o responsable da elaboración do **xurado** salvo nos casos nos que se traslade con anterioridade polo CGX ou polos seus delegados.
- Asegurarse que os xuíces se **incorporan** no horario previsto e tomar nota no caso de que houbera calquera incidencia.
- Ser pro activo durante a competición para facer calquera **cambio** no xurado e asegurarse o máximo aproveitamento dos xuíces dispoñibles para cubrir todas as tarefas necesarias.

- Facer cumprir o **horario** da competición e realizar calquera cambio necesario no xurado se fora preciso para asegurar este punto.
- Anotar a hora de **finalización** da xornada, e ter presente a hora de remate do traballo daqueles xuíces con permiso para abandonar a competición antes da súa finalización
- Elaborar e enviar o **xurado definitivo** ao delegado de xuíces en tempo e forma. O xurado debe cumprir os seguintes mínimos:
 - Utilizar os modelos oficiais do CGX en soporte informático
 - **Para cada xuíz:** Nome e **dous apelidos, categoría e delegación**
 - Informar dos xuíces que requiren pago por desprazamento
 - Informar dos xuíces que teñen tarifa por **exceso de xornada**

Os suplementos de desprazamento no caso de competicións de mañá e tarde só se farán constar una vez, preferiblemente no xurado da primeira xornada.

Director técnico

- É o responsable de que a zona de competición este **preparada** para a celebración da mesma e conforme ao regulamento.
- Anteriormente á proba, asegurarse de que terá os **materiais e persoal** necesario para facer o seu traballo, informando ao seu delegado de xuíces (ou ao CGX) en caso de incidencias.
- Durante a proba, formará parte e liderará o equipo de dirección técnica xunto co persoal da organización e outros xuíces (se fora o caso). O **equipo de dirección técnica, incluído o director técnico**, traballará na montaxe das diferentes zonas de competición, sectores, valados, fosos, etc.
- Responsabilizarse da **homologación** de artefactos, homologándoos el mesmo ou asegurándose que algún xuíz capacitado fai esta labor.

Xuíz Xefe de Cronometraxe por transpondedor (probos homologados)

- Presentarse ao operador da **empresa de cronometraxe** e anotar o seu nome.
- Supervisar cos xuíces de **chegada e cronometraxe manual** os resultados, facendo os cambios que fora preciso ante discrepancias.
- Recibir as comunicacións dos xuíces distribuídos nos puntos de control intermedios e presentar ao xuíz árbitro calquera **incidencia** para a súa consideración.

- Asegurarse que a empresa de cronometraxe cumpre o regulamento internacional e normativas aplicables e anotar calquera incidencia
- Cubrir o **informe** de xuíz xefe de cronometraxe por traspondedor en soporte informático asegurándose que ten cuberto todos os datos, incluídos os datos técnicos que proporcionará a empresa de cronometraxe.

Xuíz de Medicións Científicas

- Será o responsable do **equipo** durante a duración da competición.
- Asegurarase que o equipo está montado con **antelación** suficiente sen dificultar o correcto transcurso da competición e dos intentos de proba dos atletas.
- Realizar todas as **validacións** precisas previa e posteriormente a cada proba e emitir o informe correspondente.
- Informar ao CGX ante calquera **incidencia** do equipo.
- Informar ao CGX da persoa que **traslada** o equipo tras a competición ou o lugar onde se gardará.

Xuíz Xefe de Marcha

- **Asegurarse** que se cumpre o regulamento internacional para o xulgamento das probas de marcha.
- Coñecer os nomes dos xuíces e indicarlles a súa **posición**.
- **Supervisar** a correcta colocación da zona de pizarra, secretaría e área de penalización.
- Xunto coa dirección técnica comprobar o **material** necesario para os xurado de marcha
- Enviar o **informe** e folla resumen ao CGX en tempo e forma

Presidente do Xurado de apelación

- Cumprir as obrigas descritas no regulamento internacional.
- Asegurarse que os membros do xurado exercen correctamente as súas funcións.
- Actuar preferiblemente **fora da pista** sen intervir en ningunha decisión do resto do xurado.
- Elaborar o informe en tempo e forma.



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



Coordinador de saídas

- Cumprir as obrigas descritas para o dito posto.
- Distribuír as diferentes saídas entre os membros do equipo.
- Enviar o informe en tempo e forma.